

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE FINALISTA NOS PREMIOS EUROPEOS Á CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN DO CONSELLO EUROPEO DE INNOVACIÓN (EUIPAWARDS)

- O *European Innovation Council* lanzou a primeira edición dos Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación, que pretenden recoñecer aos compradores públicos e privados de toda Europa nos seus esforzos por promover a contratación de innovación.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2021.- Once candidaturas están na final da primeira edición do 'European Innovation Procurement Prize' que ten como finalidade recoñecer os casos máis relevantes de compradores, tanto públicos e privados, sobre prácticas de adquisición de innovación en Europa.

Os galardóns, teñen como obxectivo dar visibilidade á importancia dunha estreita cooperación entre o comprador e o proveedor para levar as solucións innovadoras ao mercado. Trátase dunha das iniciativas do EIC destinada a apoiar e fomentar a contratación de innovación na Unión Europea.

Os finalistas para cada unha das 3 categorías deste ano son (en orde alfabética):

Categoría *Innovation procurement strategy award*: na que se premian estratexias a longo prazo que desencadean diferentes adquisicións de innovación, solucións e prácticas sustentables.

- INNOSPRINT DIH (Francia)
- INNO-AHA SERGAS (España) (the Galician Innovation Journey in search of PPI Solutions for Active and Healthy Ageing)
- NCBR-IS (Polonia)
- RESAH INNOVATION (Francia)
- Smartiago (España)
- WBL PCP e PPI (Países Baixos)

Categoría *Facing societal challenges award*: na que se premian prácticas innovadoras relacionadas coa pandemia pola COVID-19.

- Citizen e-Desk Bari (Italia)
- IHSI (Bélxica)
- WBL PCP e PPI (Países Baixos)

Categoría *Procurement leadership award*: na que se recoñecen a persoas sobresaíntes que empoderan ao seu equipo para ter éxito e desencadean prácticas de adquisición de innovación.

- C-SOC SDAPA ICT (Italia)
- MS-1 (Polonia)

No anuncio dos finalistas, a Comisaría de Innovación, Investigación, Cultura, Educación e Mocidade, Mariya Gabriel, manifestou: "A contratación de innovación é un instrumento chave para garantir a recuperación europea de forma sustentable. Transforma positivamente a economía non só creando mercados novos e sustentables, senón tamén abordando desafíos sociais como o cambio climático. Espero recompensar aos primeiros gañadores deste novo premio EIC e estou convencido de que, coa súa experiencia e estratexias,

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Ligazón á web da noticia no portal do EIC (en inglés)

Noticia no portal da Xunta de Galicia

marcarán o camiño para que outros se unan para impulsar o uso da contratación de innovación na Unión Europea".

Candidatura do Servizo Galego de Saúde: INNO-AHA SERGAS

A candidatura titulada "The Galician Innovation Journey in search of PPI Solutions for Active and Healthy Ageing" (INNO-AHA SERGAS) mostra a aposta da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde dende o ano 2012 pola compra pública innovadora con proxectos como Hospital2050 e Innovasaúde, Código100 e proxectos actualmente en marcha como Innova MicroLab, INNOVATRIAL ou LABSAÚDE -o primeiro living lab de saúde do SERGAS-. Ademais a candidatura inclúe o recoñecemento de Galicia como unha das rexións de referencia europea no desenvolvemento, a adopción e escalado de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable.

Próximos pasos

Cada semifinalista será convidado a unha audiencia privada cos membros do xurado que levará a cabo de forma remota en outubro de 2021. As audiencias seguirán un procedemento estricto que permite a cada solicitante presentar a solicitude presentada e responder as preguntas do xurado.

Logo, os membros do xurado seleccionarán un gañador e un finalista por categoría, e serán anunciados no Cume do Consello Europeo de Innovación do 24 ao 25 de novembro de 2021.

Ademais do prestixioso recoñecemento, o gañador de cada categoría será recompensado con 75.000 EUR, mentres que cada un dos subcampións recibirá 25.000 EUR.

Tamén se convidará a todos os semifinalistas a unirse a un grupo de compradores pioneiros para mostrar a súa experimentación e obter inspiración das experiencias doutros compradores, por exemplo, para aprender sobre novos enfoques a través do intercambio de boas prácticas, iniciativas, ideas e innovacións.